

A MINARIA GALEGA. A CANTEIRA DE LOUSA DE A CAMPA (COUREL, LUGO).

Galicia deixou de ser unha provincia mineira hai moitos anos. Os seus recursos mineiros de agora son exclusivamente os que se chaman minerais e rochas industriais: seixo, caolín, arxilas, lignitos, lousa, cuarcita e granito. A súa tradución no que se refire a Patrimonio natural, recursos científicos e medio ambiente é simple: desolación, destrución, desaparición. É irónico que a millor mina de estaño e wolframio, a Mina de Lousame en Noia, que aínda non está esgotada, sexa a primeira antiga explotación mineira que se ten habilitado como punto de interés arqueolóxico mineiro. En Lousame amósase ao público como eran as explotacións mineiras en Galicia.

Moito se ten louvado para desgracia dos galegos, a potencialidade mineira de Galicia e de feito os seus recursos minerais foron moi variados debido á complexidade da súa xeoloxía que deu oportunidade a formación de xacementos minerais de todo tipo. Pero o feito é que todos os recursos que existiron en Galicia non terían xamais sido explotados se non for a pola circunstancia da súa proximidade a Europa ou da conxuntura das dúas guerras mundiais que a convertiron na fonte de materias primas mais próxima ao conflito. A minería ten sido para Galicia a súa ruína aínda que servira para o enriquecemento de algúns poucos. Nada se ten aproveitado Galicia dos seus publicitados ata o paroxismo recursos mineiros que se decía eran marabillosos e inesgotables. Mais non resultaron ser nen unha cousa nen outra.

Os primeiros empresarios dos que hai rexistro histórico que coñeceron e explotaron os recursos mineiros de Galicia foron os fenicios. Aínda que esluidos nas brétemas dos relatos con referencias xeográficas pouco precisas Galicia parece ser identificada como algunha das Illas Casiterites. Pouco fica, se algo fica de aquela primeira minería. Os seguintes en entrar en Galicia á procura, esta vez de ouro, son os romanos. A súa explotación masiva do ouro deixou pegadas aínda hoxe recoñecibles en zonas como As Médulas, o val do Sil e do Lor no Courel. Despois dos romanos foi no século XVIII-XIX a siderurxia rural que aproveitaba maus xacementos de ferro, (con moito xofre), que fixo proliferar as pequenas ferreirías e os mazos ou machucas espalladas por todo o territorio galego nomeadamente nas provincias de Lugo e Ourense e que utilizando como combustible carbon vexetal contriubiron á desaparición das carballeiras galegas. (É curioso notar que as ferreirías foron manexadas por vizcainos e os mazos por cataláns). Nomeadamente a industria de guerra do Marqués de Sargadelos arrasou as fragas do norte de Lugo primeiro para facer material de guerra e despois continuou coa cerámica de Sargadelos na súa primeira etapa. Na Segunda Guerra mundial novamente a guerra foi o motor da explotación masiva de recursos da minería metálica como o wolfram que en Galicia como no norte de Portugal foron o motor da economía de algúns poucos. Aproveitando man de obra barata, a economía da fome nunha versión galega do Klondike canadiano, os gambusinos locais andiveron a procura do wolframio que logo vendían a alemáns o ingleses segundo quen lles ofertara millor prezo. Din que moitos cargamentos de wolframio foron parar ao fondo do mar comprado polos ingleses para que os alemáns non poideran con aquel produto millorar as blindaxes dos seus carros de combate. E xa despois da 2ª Guerra Mundial compañías estranxeiras (inglesas, francesas e alemáns) deron cabo dos últimos recursos mineiros galegos.

No século XX chegou o tempo do expolio dos últimos recursos, os únicos que manteñen a maldita sona de que Galicia é unha provincia mineira: as rochas e minerais industriais que son a coitelada mortal que vai acabar por unha banda cos recursos mineiros e por outra co medio ambiente. Todas estas explotacións son a ceo aberto, as que mais dano producen pois a súa explotación arrastra a xeración de grandes cantidades de entullos que ocupan mais espacio que o orixinal e que non hai outra solución que deitalas na superficie da terra.

No caso particular dos minerais enerxéticos, os lignitos xa esgotados, o resultado son inmensas escombreyas de difícil rexeneración pola vexetación, inestables quero dicir suxeitas a movementos e deslizamentos e inmensos furados que por lóxica se encheran coas chuvias dando lugar a grandes lagoas. É o único caso en que as empresas mineiras teñen restituído os xacementos ás súas condicións orixinais. Convertiron en lagoas o que inicialmente eran lagóas hai millóns de anos. Pero o que había dentro das lagoas convertiuse en fume, cinzas e a enerxía que xerou a queima dos lignitos transformouse en enerxía eléctrica que fuxiu para fora de Galicia. A da central eléctrica das Pontes foi parar a prezo e saldo para a factoría de San Cibrao e foi aproveitada por ALCOA para facer materia prima para envases de refrescos, papel para envolver bocadillos e agora muiños eólicos que xeran mais enerxía que novamente fuxe para fora. Galicia é unha inmensa máquina de producir enerxía que non para de fuxir dela para deixar as ganancias fora dela e os refugалlos que ninguén quere: lamas roxas, cinzas e furados, para os galegos. E no caso do aluminio nen sequera é transformado en Galicia senon no País Vasco ou noutras partes de España. A vaca do cartel da propaganda para o Estatuto de Galicia de 1936 que debuxara Castelao comendo en Galicia a herba e sendo munxida en Madrid por un home de fato negro e chisteira é agora substituída por un muiño eólico, ou un encoro onde os cables levan a enerxía eléctrica para fora.

Os lignitos de Galicia nunca foron gran cousa. O seu poder calorífico era pobre. Apenas daban a enerxía que da queimar madeira. Como no caso do Marques de Sargadelos e a súa siderurxia feita a base de carbon vexetal as centrais de Meirama e das Pontes precisaban de mais enerxía que a que lle daba a madeira polo que no seus fornos se misturaban aos cativos lignitos galegos antracitas que viñan dos EEUU, de Sudáfrica, de Polonia, onde non as querían, e importadas por España a baixo prezo. De maneira que os kilowatios producidos con recursos galegos (?) eran de feito primados polo Goberno Español, sobre todo nos momentos en que o prezo do petróleo subía, pois supuñan un aforro de divisas para o País. Se gañaron cartos por importar carbóns de fora, se gañaron cartos por xerar enerxía con recursos propios que nono eran pois os producían carbóns importados. Galicia ficou así sen lignitos e sen enerxía porque ou ben exportaba os kilowatios producidos aquí para o resto de España ou ben industrias asentadas en Galicia os empregaban para transformar as bauxitas de Brasil ou de Jamaica en tochos de aluminio que logo se transformaban fora de Galicia en produtos que retornaban a Galicia en materiais transformados con alto valor engadido. Expolio tras expolio da enerxía e dos produtos transformados con esa enerxía dos que Galicia non tirou proveito algún.

O último capítulo desta vella historia é o das chamadas rochas ornamentais: granitos, lousas e cuarcitas. A explotación destes chamado recursos mineiros e a última ruína para Galicia. Tal como se fan as cousas en Galicia no negocio das rochas ornamentais esta industria non tería futuro mais que en países terceiro mundistas ou nada desenvolvidos. As relacións entullos producidos/produto aproveitables son arrepiantes. A industria da Lousa en datos

fornecidos polas mesmas empresas do sector nen chegan aproveitar o 1% do que estragan. No millor dos casos, por cada peza de lousa que fica enriba dunha casa 99 agardan polo xuízo final na propia canteira de onde foron extraídas. Carga de dinamita e despois a apañar o pedazo mais grande que fique e o levan as naves de elaboración onde candidatos á xordeira ou a silicose exfolían a golpes de martelo e cincel a lousa para transformala en láminas que despois retallan aos tamaños normalizados que lles eixen os clientes. O 25% da produción mundial é xerada por estas ONG's da minería que son as empresas da lousa galegas. E como no caso da siderurxia galega do Marqués de Sargadelos, ou como no caso dos lignitos, ou como no caso do wolfram e o estaño Galicia fica con todas as súas terras milliores ateigadas dos entullos que ninguén quere para os seus países e que xenerosamente nos regalan. E como a produción non abonda os nosos “empresarios” teñen procurado outros países mais pobres ou aínda menos esixentes que o nosos e comezan a importar lousa de Brasil e de China que logo de barallar nunha sinistra timba de cartas coa “lousa santa galega” sera exportada ao mundo civilizado como auténtica lousa galega “a millor do Mundo e cecais de Portugal”.

Novamente, como no caso da mistura de lignitos galegos e carbóns do resto do mundo temos conseguido a cadratura do circo. Conseguir cobrar a España, é dicir a nós, os que pagamos os tributos dúas ou tres veces a mesma factura. E novamente os galegos ficamos co que ninguén quere: os furados e os entullos. E cando os responsábeis piden que se reparen os danos os empresarios da lousa din que non teñen cartos e é a administración xenerosa cos seus cartos, ou sexa cos nosos cartos á que debe acometer a tarefa de reparar os danos.

O caso do granito é un pouco menos dramático, mais semellante o da lousa. Aquó as ratios entullos producidos/material aproveitado son un pouco mais baixas. Entre un 20 e un 30%. Ou sexa por cada 20 bloques de granito fican na canteira tan so 80 bloques que nin se aproveitan. E novamente repetese a historia, a vella historia de sempre. Queren mais granito galego para o mercado mundial e invaden os territorios próximos. O Miño/Minho xa non é raia nen seca nen mollada. E invaden Valença do Minho destruindo novamente as paisaxes graníticas ata agora virxes e facendo axir a lei da gravidade, a única lei que respeitan os empresarios da Pedra Galega. Reventan os curutos dos montes e deitan ladeira abaixo o que non lles vale para tallar os bloques de granito que levarán para as súas naves de elaboración e despois exportaren ao mundo como granito galego.

Tal vez sexa este o sino de Galicia, conservadora ata no seu xeito de explotar os seus “recursos mineiros” da maneira mais primitiva que existe aínda que na vez de utilizar a cuña de madeira empregan a dinamita, e no millor dos casos o fio de diamante e o soplete de acetileno. Somos o último pobo de Europa en explotar o seu territorio dun xeito tan suicida e irreflexivo. Á vista do que os romanos nos deixaron na súa procura do ouro e que agora se transformou na paisaxe arqueolóxico-mineira das Médulas ou do Courel parafraseando a frase coa que Cunqueiro desexaba fortuna para a pervivencia do galego, o Goberno da Xunta de Galicia coa súa decisión do 21 de xuño de 2007 de autorizar a CUIPRE-PADESA o expolio do Courel ten conseguido 1.000 *Prestige* mais para Galicia. Os meus parabéns.

Xoan Ramón Vidal Romaní, Cat. de Xeoloxía da Universidade da Coruña